CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Domina as técnicas de traballo filosófico	TI	78
CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Domina SIF		
CA2.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Analiza de xeito argumental a transcendencia dos problemas filosóficos e a súa relación con algunha disciplina.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<p>CA2.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.</p>	<p>Argumenta sobre cuestións de actualidade empregando conceptos filosóficos.</p>		
<p>CA2.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.</p>	<p>Emprega medios dixitais axeitadamente á hora da exposición de contidos así como unha exposición coherente dos mesmos.</p>		
<p>CA2.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.</p>	<p>Nos traballos en grupo intercambia ideas e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións.</p>		
<p>CA2.7 - Comprender e apreciar a importancia da solidez e validez das formas argumentativas, a partir da súa análise tanto formal como informal, e identificar as falacias e os nesgos que se poden encontrar en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, como usos argumentativos ilexítimos, explicando a natureza ou mecanismo das devanditas falacias e nesgos.</p>	<p>Le a realidade proposta desde a perspectiva filosófica, elaborando un informe filosófico no que se inclúan falacias detectadas e argumnetos ontolóxicos</p>		
<p>CA3.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.</p>	<p>Elabora unha táboa de concepcións metafísica e vincula con textos non filosóficos</p>		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<p>CA3.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.</p>	<p>Domina as técnicas de traballo filosófico</p>		
<p>CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.</p>	<p>Establece o diálogo como base de traballo nas súas producións grupais, sen dogmatismo ou actitudes inadecuadas</p>		
<p>CA3.5 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.</p>	<p>Elabora a súa propia concepción metafísica</p>		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo filosófico. - O ser humano como suxeito da experiencia filosófica e como obxecto principal da reflexión filosófica. - A filosofía e a existencia humana. - A dimensión social e política do coñecemento. - O papel da muller na ciencia e nos outros saberes. - O problema metafísico do real. - Aparencia e realidade. As realidades virtuais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidade e pluralidade. - Categorías e modos de ser. - Entidades físicas e obxectos ideais: o problema dos universais. - O problema filosófico do tempo e do cambio. - O problema mente-corpo desde a Idade Moderna á intelixencia artificial. - O problema do determinismo. Necesidade, azar e liberdade. - O problema filosófico da existencia de Deus. - Teísmo, ateísmo e agnosticismo. - O feminismo e a perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
10	A ESTÉTICA	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Diferencia con claridade "estética" de "Estética" como parte da Filosofía	PE	40
CA2.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Comenta un fragmento utilizando de xeito apropiado conceptos estético.filosóficos		
CA2.7 - Comprender e apreciar a importancia da solidez e validez das formas argumentativas, a partir da súa análise tanto formal como informal, e identificar as falacias e os nesgos que se poden encontrar en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, como usos argumentativos ilexítimos, explicando a natureza ou mecanismo das devanditas falacias e nesgos.	Argumenta o papel da Estética na reflexión sobre o ser humano		
CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Argumenta sobre cuestións de actualidade empregando conceptos estético-filosóficos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Desenvolver a sensibilidade e a comprensión crítica da arte e outras manifestacións e actividades con valor estético mediante o exercicio do pensamento filosófico sobre a beleza e a creación artística, contribuíndo así á educación dos sentimentos e ao desenvolvemento dunha actitude reflexiva con respecto á linguaxe e sentido das imaxes, e xerando un adecuado equilibrio entre o aspecto racional e emotivo na consideración destes problemas filosóficos do ámbito da estética, a través da reflexión expresa arredor da arte, e doutras actividades ou experiencias con valor estético, e a análise do papel das imaxes e a linguaxe audiovisual na cultura contemporánea.	Responde á cuestión da relevancia da Estética dentro da Filosofía a través de diferentes cuestións.		
CA1.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Analiza algunha produción artística desde a perspectiva ético-estética		
CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Elabora unha produción filosófica en torno á Estética	TI	60
CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Domina SIF		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Caracteriza "Estética"		
CA2.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Domina técnicas de traballo filosófico		
CA2.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Domina SIF e Rúbricas grupais		
CA3.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Compara o concepto "estética" da linguaxe coloquial co concepto coa rama da Filosofía denominada "Estética"		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Emprega medios dixitais axeitadamente á hora da exposición de contidos así como unha exposición coherente dos mesmos.		
CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Nos traballos en grupo intercambia ideas e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións (rúbricas de traballos grupais)		
CA3.5 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.	Analiza distintas correntes		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo filosófico. - A dimensión social e política do coñecemento. - O papel da muller na ciencia e nos outros saberes. - O problema mente-corpo desde a Idade Moderna á intelixencia artificial. - O feminismo e a perspectiva de xénero. - Definición, ámbitos e problemas da estética: arte, beleza e gusto. - Teorías sobre a beleza e a arte.

Contidos

- Teorías clásicas e modernas sobre a beleza e a arte.
- Teorías e problemas estéticos contemporáneos.
- A relación do estético con outros ámbitos da cultura: a reflexión sobre a imaxe e a cultura audiovisual.
- A estética e as súas implicacións filosóficas coa ética e a política.
- Ética e estética.
- O papel político da arte.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía baséase na teoría da aprendizaxe significativa, inspirada nos traballos de Vigostsky, Piaget e, especialmente, de Ausubel e no DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe). Os obxectivos como didactas serán:

1. Poñer ao descuberto os prexuízos, coñecementos previos... da persoa aprendiz.
2. Provocar no educando un conflito cognitivo.
3. Modificar os seus esquemas previos.
4. “Recolocar” os novos coñecementos de xeito que sexan asimilados polo/a alumno/a.

Como vemos, este xogo de, por así dicilo, ruptura-reconstrución casa moi ben ca idea do método socrático. Este, como sabemos, consiste esencialmente en empregar o diálogo para chegar ao coñecemento (maiéutica). A idea chave é que a profesora non inculca as ideas ao alumno ou alumna, senón que, é o propio educando o que extrae de si mesmo o coñecemento, adaptándose a todas/os, ás súas potencialidades, intereses, estilos e ritmos (DUA).

As súas fases serán as seguintes:

1. Formulación da cuestión que vertebra cada unidade por parte da profesora e audiovisual introdutorio.

2. Rebatemento e guía das respostas dadas ao debate suscitado trala visualización dun audiovisual.
3. Discusión sobre o tema co fin de que provocar a confusión (conflito cognitivo) no alumnado ao caer na conta de que xa non ten tan claro aquilo que cría saber perfectamente (recopilación de coñecementos previos).
4. Tras este momento de incómoda confusión, irase chegando progresivamente a definicións cada vez máis precisas sobre o tema-cuestión que se investiga.
5. A discusión concluirá cando os educandos consigan, grazas á guía da profesora, acadar os coñecementos aos que pretendiamos chegar (reconstrución).

En canto ao modo expositivo, en coherencia coa metodoloxía, será sempre interactivo, as explicacións da profesora seguirán algúns criterios básicos:

1. Rigor argumental, de modo que o alumnado poida seguir o camiño da reflexión que fundamenta e xustifica as teses expostas.
2. Claridade expositiva, froito dunha linguaxe accesible, que non renuncia por ilo á precisión e á esixencia de que o/a alumno/a se faga cun mínimo de vocabulario técnico desta disciplina.
3. Imparcialidade, que leva a expoñer con ecuanimidade os argumentos a favor e en contra das posturas expostas.
4. Peche do discurso, é dicir, as explicacións non se deixarán a medias, senón que se expoñerán as conclusións de xeito claro, unha vez que se teña percorrido todo o camiño de construción de coñecemento (para isto servirá de soporte compilatorio a idea de "ficha de traballo" e o manexo do libro de texto de 1º de Bacharelato de Santillana).
5. Proximidade ao mundo do/a alumno/a de xeito que se recorra, sempre que sexa posible, a exemplos extraídos da experiencia máis cercana.

6. A exposición será interactiva, aberta ao diálogo e utilizando un modelo emirec (interacción baseada no cambio de rol de emisor a receptor con base a unha relación horizontal), defendido por Roberto Aparici.

As actividades recolleranse nun portafolio, no que se irán incluíndo todas as fichas de traballo e cuestións propostas pola profesora. Este entregárase en Aula Virtual, para evitar o extravío da documentación, a acumulación de papel e/ou os conflitos profesora-alumnado respecto á entrega ou non das tarefas. Será un traballo continuo e o seu rexistro será dixital. Isto favorecerá a conquista das aprendizaxes e o logro, polo tanto, dos obxectivos conceptuais, procedimentais e actitudinais propios da materia.

Cada proba, individual ou grupal, escrita ou oral, contará cunha rúbrica na que os instrumentos de avaliación e os obxectivos se especifiquen, acordes á normativa e á presente programación. As ferramentas de avaliación serán coñecidas polo alumnado previamente. Polo tanto, cada rúbrica será traballada na aula. Diseñarase e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos, permitindo así a adaptación ao alumnado e a conquista das aprendizaxes conceptuais, procedimentais e actitudinais.

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro de texto.

Así mesmo, contribuirase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, traballos na aula de informática, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas e kahoots.

A materia tamén deberá contribuir a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de

Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos propios do profesorado
Libro de texto: Filosofía: Construyendo mundos, Santillana, Madrid, 2022
Caderno filosófico
Dossier conceptual
Libros de lectura
Aula virtual da materia
Ordenador conectado a internet, proxector, altavoces
Vídeos e curtas adaptados aos contidos e conceptos explicados [colgados na Internet].
Libros de lectura voluntaria: serán pautados ao longo de curso en virtude do grao de desenvolvemento das competencias de cada grupo e da necesidade de completar, reforzar e ampliar algúns estándares de aprendizaxe.

Cada sesión terá lugar nun aula no centro cun ordenador conectado a internet e unha pantalla con proxector e sonido, Os pupitres individuais servirán tanto para o traballo individual como para conformar diversos grupos segundo as necesidades de cada UD. En cada aula usaranse os apuntamentos ou o libro de texto, folios para escribir e diversos documentos impresos entregados ao longo do curso: textos, mapas conceptuais, fotocopias con actividades diversas. O cuaderno filosófico servirá de diario da aula. Os libros de lectura serán actividades voluntarias para redondear ou subir a nota final. A aula virtual na web do centro servira como repositorio de materias, como lugar de entrega de traballos, ferramenta de avaliación e como instrumento de comunicación

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para realizar a avaliación inicial, e determinar o nivel de coñecementos, habilidades e competencial do alumnado, empregarase unha ferramenta de avaliación que permita avaliar o nivel de comprensión e escrita inicial do alumnado. Esa consistira na elaboración dun comentario de texto breve. Desta práctica inicial poderase extraer información para establecer posibles puntos de partida respecto ás competencias fundamentais que precisamos para a materia. A complexidade conceptual e procedimental, así como a necesidade dunha actitude crítica ampla require o enfortamento constante co texto, tanto coa produción allea como a propia.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	36	50	38	38	26	38	50	36	22	40
Táboa de indicadores	64	50	62	62	74	62	50	64	78	60

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	37
Táboa de indicadores	63

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

1 Probas escritas teórico-prácticas (2 cada avaliación) terán un peso dun 70% cualificación. Estas serán variadas e conterán sempre distintos tipos de propostas, para poder aplicar o DUA. Unha proba poderá conter:

- a) Comentario de texto e/ou ensaio (sempre) e 3 dos seguintes tipos de cuestións:
- b) Completar
- c) Test.
- d) Relación.
- e) Comparación.
- f) Análise conceptual.
- g) Definicións.
- h) Cuestións de resposta breve.
- i) Cuestións de deenvolvemento.
- j) Composicións.
- k) Análise de casos.

Dada a variedade das combinacións posibles das probas, e para favorecer o logro das competencias e obxectivos da materia, a ponderación das probas escritas será a seguinte:

Apartado "a" (Comentarios e/ou ensaios) contará un 70% (a razón é que é o tipo de proba que máis se ajusta ao prescrito na norma, que incide no logro de competencias e obxectivos, máis que na repetición de contidos conceptuais) e a selección dos demais tipos de apartados -ao menos 3 tipos, como indicamos- terán un peso dun 30% nas probas escritas.

O 30% da cualificación extraerase do traballo realizado ao longo da avaliación e recollerase nun "Portafolio". Este entregárase en Aula Virtual -para deixar evidencia e evitar malentendidos innecesarios-e consistirán en:

1. Apontamentos e exercizos diarios 0,5 puntos./3
2. Selección de:

- a) Tarefas grupais (utilizarase rúbrica da que se extraerá unha cualificación individual e outra grupal, que non teñen por que corresponderse. A cualificación individual corresponderase cun 30% e a individual cun 70%. O obxectivo é fomentar a responsabilidade e evitar conflitos pola posible diferenza de implicación (1 punto/3)
- b) Tarefas individuais: utilizarase rúbrica para extraer cualificación (1 punto/3)
3. Intervencións en aula (mediante o uso de rúbrica SIF elaborada pola profesora, 0,5 puntos/3).

Con esta estratexia procúrase que o alumnado traballe ao longo da avaliación, para poder detectar dificultades, constatar avances... antes de que chegue o momento da avaliación final. Se traballamos ao longo do trimestre é moito máis probable facerse coas competencias e lograr os obxectivos propios da nosa materia. O fin é axudar ao alumnado, fomentando a aprendizaxe significativa e non a mera repetición memorística de contidos, que sen apropiación, quedan nun saco valeiro. Prestaremos a axuda pedagóxica precisa, e coordinarémonos, de ser preciso, co Departamento de Orientación e as persoas titoras de cada grupo.

O espírito da LOMLOE centra o traballo nas competencias e no logro dos obxectivos, máis alá do peso en contidos, polo tanto, tanto o portafolio como as probas terán un contido eminentemente práctico, no que a teoría sexa a ferramenta para facerse cos procedementos e coas actitudes (ligadas a contidos e procedementos) propios da nosa materia. Dada a dificultade, a priori, para medir a consecución destes, recolleremos en cada proba e no portafolio, de xeito explícito, para cada unha das tarefas (tanto de probas como de portafolio) as competencias e obxectivos que contribúe a avaliar. So deste xeito poderemos dar cumprimento á norma vixente.

Para facilitar ás familias/titoras/es a comprensión da avaliación, elaborárase un informe individualizado (sempre que se solicite) no que se expliciten competencias e obxectivos logrados/pendentes e o seu grao de consecución. A linguaxe utilizada será, literalmente, a recollida na norma vixente para referirnos aos obxectivos e ás competencias, pero, dado que os obxectivos precisan concreción para a súa medición, redactaremos obxectivos operativos (último nivel de concreción que corresponde á profesora, e que debe axustarse á norma) que permitan establecer a graduación de logros. No caso de alumnado maior de idade, entregarase o informe á propia alumna ou alumno.

Ademais, o alumnado e as persoas responsables, terán posibilidade de acceder ás ferramentas utilizadas para cualificar ao alumnado, sempre que o soliciten.

Para obter o aprobado en cada avaliación o alumno/a deberá acadar, unha vez aplicados os dous primeiros criterios, a nota de 5 sobre 10 SEN REDONDEO.

Á nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais. No caso de que a cualificación da recuperación sexa inferior á da avaliación, a nota que se terá en conta será a que máis beneficie á alumna/o. Farase media entre todas as notas de avaliación obtidas, sendo posible, superar a avaliación con algunha avaliación na que non se acade o "5". Por exemplo:

Primeira Av: 4, Segunda Av; 6, Terceira Av: 4

Total: 4,66, cualificación á que se aplicará o que segue.

Á nota da avaliación final se lle aplican as seguintes regras de redondeo:

- (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5).
- (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4) .

[Polo tanto, no exemplo antedito, a cualificación final será de "5". Máis que acumulación de contidos, na LOMLOE incídese noutras aprendizaxes, competencias e obxectivos, que poden terse acadado, apesares de non dominar un contido específico. Aprender a ler de xeito comprensivo un texto, comentalo seguindo as técnicas de traballo filosófico, aplicar conceptos básicos ou redactar un ensaio con base filosófica, proporciona ao alumnado esas competencias e obxectivos que vertebran o Decreto 157/2022]

Criterios de recuperación:

Durante o curso:

Para recuperar as avaliacións non superadas realizarase unha proba escrita de similares características na seguinte avaliación. Para superar esta proba deberá obterse a cualificación mínima de 5 puntos.

De non superala poderase facer unha proba final, antes do peche da Avaliación ordinaria, na que se diferenciarán os contidos de cada avaliación non superada . A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

O alumnado non poderá presentarse para subir nota unha vez superada a avaliación ordinaria. Trala Avaliación ordinaria, o alumnado que a supere realizará tarefas de repaso e/ou ampliación que se sintetizarán en diversos "Proxectos filosóficos", que escollerán entre os propostos pola profesora. Estes colgaranse en Aula Virtual e explicitarase competencias e obxectivos -prescritos na norma vixente- en cada unha das tarefas.

Durante o período posterior lectivo á avaliación ordinaria, aquel alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria realizará actividades de reforzo e recuperación, sempre indicando obxectivos e competencias que se traballan. Estas tarefas terán estrita vinculación co que se pida na proba (non quere dicir que se lle pregunte o mesmo, quere dicir, que as competencias e obxectivos perseguidos derán os que se practiquen/traballen nas tarefas de recuperación).

O alumnado que non supere a materia na Avaliación Ordinaria terá dereito a facer unha Proba extraordinaria.

Todas as tarefas de reforzo propostas terán explicitadas competencias e obxectivos recollidos na normativa. Todas as probas de avaliación tamén indicarán competencias e obxectivos que avalían.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que acade a promoción a segundo coa materia pendente d 1º deberá matricularse dela e cursala ao longo do curso.

O seguimento e a avaliación das materias pendentes será realizado preferentemente, pola profesora que teña coñecemento do proceso de aprendizaxe e da realidade educativa da alumna ou do alumno por terlle impartido docencia no curso anterior ou por impartirle docencia no curso actual.

6. Medidas de atención á diversidade

Aplicar un proceso de Ensino- Aprendizaxe (E-A) no que o centro sexa o alumnado, esta é a premisa. Neste sentido as medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e / ou programas destinadas a proporcionar resposta ás necesidades educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011, da lei orgánica 2/2006 de 3 maio).

Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o departamento de orientación se desenvolveran as seguintes medidas no caso de ser precisas.

ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do curriculum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos Criterios de avaliación Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias , estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinalamos as seguintes:

- 1) Adaptación da xestión da aula as características concretas da aula, favorenzo o acceso aos recursos e a convivencia.
- 2) Adecuación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- 3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- 4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- 5) Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixiadas e avaliadas.

6) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.

7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

EXTRAORDINARIAS. Diseñadas para atender necesidade específicas de apoio que requiran modificacións significativas do curriculum ou supoñan unha modificación organizativa ou ben do xeito de acceder ao curriculum ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que aí barreiras singificativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, trastornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras).

(1) Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

(2) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

En colaboración co titor e o departamento de orientación se fará unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporáanse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Proporáanse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografía, comics, videopresentacións, textos...)

Neste sentido para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espírito crítico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceráanse este tipo de reforzos.

Máis alá de medidas ordinarias ou extraordinarias, a nosa praxe docente seguirá o DUA; Orde de 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión lectora	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X
ET.5 - Emprendemento social	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X

Observacións:

A materia de filosofía e o seu traballo en aula é un instrumentos clave na consecución dos elementos transversais recollidos na lexislación. Ao promover o espírito crítico para adquirir ferramentas teóricas e prácticas no uso autónomo da razón do alumnado contribúe explícitamente, como se ven especificando en tódolos apartados da programación, nesta transversalidade.

A educación emocional en valores democráticos, respectuos coa diversidade e consciente da discriminacións (eurocentrismo, machismo, racismo...) cunha metodoloxía de traballo en grupos e por proxectos será a clave.

A filosofía se fundamenta en textos e nas ferramentas de lectura e comentario crítico dos mesmos. O uso de ferramentas dixitais e alfabetización no uso de buscadores en internet serán outro dos pilares da materia.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Responsabilidade e acción	Susana Iglesias "O Acoso: unha cuestión ético-xurídica ao que se enfronta a cidadanía: concepto, lexislación, casos prácticos e compromiso."	X		
Ponencia Área de Lóxica e Filosofía da Ciencia USC	Doutor Martín Pereira Fariña exporá contidos da súa especialidade e liñas de investigación	X		
"Eu e as miñas relacións coas/cos demais, unha perspectiva saudable".	Charla a cargo de Quérote na que se tratarán problemáticas propias da adolescencia e xuventude		X	
Filosofía e acción	Doutor José Luis Pastoriza Rozas exporá contidos da súa especialidade como profesor da USC			X

Observacións:

1º Trimestre): charla do Doutor en Filosofía, Martín Pereira Fariña, profesor da USC. A temática conectarase cos obxectivos da materia e proporcionará unha base para a reflexión e traballo (previo e posterior) do alumnado. Datos sen especificar, dependendo da dispoñibilidade das persoas ponentes:

- 1º Trimestre: "O Acoso: unha cuestión ético-xurídica á que se enfrenta a cidadanía: concepto, lexislación, casos prácticos e compromiso." Realizarase unha ponencia por parte dunha profesional especialista, Susana Iglesias, con ampla experiencia en formación, xestión e dinamización de equipos e motivación. O alumnado, trala ponencia, terá que realizar unha ficha de traballo, teórico-práctica na que se avaliará o logro dos obxectivos da presente programación.

- 2º Trimestre: "Eu e as miñas relacións coas/cos demais, unha perspectiva saudable". Charla a cargo de Quérote na que se tratarán problemáticas propias da adolescencia e xuventude e dos dilemas que poden afrontar no tránsito á vida adulta en cando á relación coas demais persoas, consigo mesmas/os e coas situacións de risco. Realizarase unha ficha de traballo que permita traballar as competencias e os obxectivos programados.

- 3º Trimestre: "Filosofía e acción": a cargo do Doutor José Luis Pastoriza Rozas. Como en todas as actividades complementarias, haberá "Ficha de traballo".

Ademais destas actividades complementarias, poderanse realizar aportacións tanto ao Plan Lector como ao Plan de Igualdade, con propostas coordinadas co Departamento de Filosofía e outro/s Departamento/s do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1..Adecuación do deseño das unidades didácticas, temporalización e actividades
Metodoloxía empregada
2. Adecuación da metodoloxía empregada aos obxectivos propostos
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
3. Uso dos recursos baixo criterios de eficiencia
Medidas de atención á diversidade
4. Adecuación ao DUA
Clima de traballo na aula
5. Efectividade das rúbricas grupais e a rúbrica SIF
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
6. Comunicacións establecidas, dificultades, propostas de solución e, de ser o caso, intervención/s coordinadas.

Outros
7.Temporalización adecuada
8. Uso do portafolio como ferramenta básica de aprendizaxe e de organización da praxe docente
9. Uso da perspectiva de xénero nas producións docentes
10. Correspondencia explícita en cada un dos instrumentos de cualificación (todos os da/s proba escrita/s, é dicir, cada un dos exercicios) con obxectivos e competencias a lograr polo alumnado

Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Elaborarase unha escala na que se identifiquen con claridade os indicadores relacionados coa norma e coa presente programación. Os resultados desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñeranse en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens tres veces por avaliación, correspondendo coas tres unidades didácticas que se desenvolven en cada unha, para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesións previstas por UD foron as suficientes e se anotarán datas de inicio e final de cada UD.
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora.
4. Concreción das propostas de mellora.

9. Outros apartados

1. Mínimos prescritos

Contidos -conceptuais procedimentais actitudinais- mínimos:

Saber filosófico: ramas, historia, vixencia e comparación con outros saberes, perspectiva de xénero)

Técnicas de traballo filosófico (dominio comentario e ensaio)

Problema do coñecemento.

Problema do ser humano.

Argumentación base da reflexión.

Ética, Xustiza, e Política. Problemas actuais: trans e post humanismo, discriminación, perspectiva de xénero, retos da tecnociencia, DDHH, Desigualdade, Ecoloxía

Razón teórica e Práctica.

Vixencia da Metafísica (Spinoza, Platón, Heidegger e Nietzsche).

Estética: arte, beleza e gusto.

Explicitarse criterio e competencias prescritos na norma.